



JESSICA BARCALA

Constitúese a Coordinadora das Asociacións Profesionais do Audiovisual Galego. O organismo, conformado polas catro asociacións que representan a maioría dos profesionais do sector (a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a Asociación Galega de Guionistas, a Asociación de Técnicos do Audiovisual de Galicia e a Asociación de Directores Realizadores de Galicia) xorde "ante a inxenuidade que produce a actual situación" co fin de ser "un interlocutor válido diante das autoridades competentes" para "defender e promover o audiovisual" galego e "axudar a definir unha política nesta materia "seria e Estábel". Entre as primeiras medidas tomadas solicitaron unha entrevista co director xeral de Promoción da Cultura.●



Escena de *Facemos unha porno?*

conxelada e pro-
>>> vinciana, e unha vez que se deciden a facer unha peli porno, remata a orixinalidade, acaban as situacións rompedoras e todo comeza a devalar costa abaixo polo carreiro do romanticismo de compota de fresa, previsíbel, sen sorpresas e, sobre todo, sen ese cinismo marciano que era marca da casa. Para enganchar os seguidores do seu "friquismo" habitual mete polo medio a dúas prin-

”
Todo acaba como ten que acabar un pastel de amores, pero non é o que se lle pide a Bob o Silencioso”

cesas do porno, Traci Lords (a rapaza que fixo porno cando era menor de idade) e Katie Morgan, a moza con máis de duascenas películas de venda nos andeis clasificados X; a primeira é Burbullas, unha experta en facer pompas de xabón coa vacina, e a outra é unha estrinxida especialista anal, características ambas que non se aproveitan ren.

E por aí reaparecen Jay, co pelo cortado, facendo de super-

macho, e Anderson, o vago detrás do mostrador, como referencias. Pero están aí para nada, porque o peso da historia recae na parella principal, que comeza de maneira brillante e vaixe apagando de maneira directamente proporcional á subida do índice de cursilería romántica. Todo acaba como ten que acabar un pastel de amores, pero non é o que se lle pide a Bob o Silencioso. É como se se fixese adulto e co paso dos anos perdesse aquel *lovin feelling* que posuía a vella parella de vendedores de marihuana con dialéctica de surrealistas.

Decididamente non é o que se pedía daquel que en tempos fora o rapaz que facía cine con ideas e catro patacos; converteuse nun home que fai películas sen ideas e con moitos dólares. E iso, para os que gardamos aínda un recuncho ácrata onde residen "friquis" e desclasados, que gustan máis de Batman que da triloxía do Millennium, é unha traizón. Pero, ¿qué lle imos facer, coa carteleira vestida de verán?

PROPOSTA: Piratear directamente *Clerks* (se se "friqui" hai que selo de verdade) e aforrar a entrada para ver romances frustrados.●

J.A. Xesteira



Fotograma de *Tanyaradzwa*.

Osuxeito atravesa a pantalla

Tanyaradzwa

Director: Alberte Pagán.

Xénero: Documental, 186 min. (Galiza, 2009). V.O. en Inglés, shona, galego (subtítulos en galego).

Alberte Pagán achega nas súas obras unha das olladas máis

orixinais do cinema en Galiza, obrigando a quen mira a pórse diante da pantalla de xeito activo, ás marxes do discurso que entende a experiencia fílmica como consumo. O carácter experimental do seu traballo vai moito máis alá do contido e da forma do filme: a propia aposta polo modo de produción independente (asumindo el mesmo os procesos de gravación e montaxe) concédelle a liberdade de non limitarse ao xustillo do canon escravo das cifras de audiencia. O interesante non é cantos espectadores, senón cal é >>>

mit

17 - 26 / 07 / 2009

Inauguración

17 de Xullo - 23:00
LA FURA DELS BAUS



aniversario

www.mitribadavia.com

Concello de Ribadavia
Concello de Cultura

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

EXPERIMENTACIÓN CULTURAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XACQUEO 2010
GALICIA

SOCIEDAD ESPAÑOLA DE COMUNICACIONES CULTURALES

caixanova

caldaria

COPASA

renfe

Reale



Pasamento da coreógrafa Pina Bausch. O martes 30 de xuño, aos 68 anos, faleceu Pina Bausch a causa dun cancro. Bausch foi a última gran renovadora da danza contemporánea, creadora da danza-teatro, xénero que une movemento, diálogo e acción teatral. A sedución, a soidade e a incomunicación foron temas que tratou con asiduidade en espectáculos que percorreron o mundo coa súa compañía, a Tanztheater Wuppertal. *Café Müller* foi o espectáculo, case mítico, que lle asegurou un posto na historia da danza.●

crítica

Fotograma de *Tanyaradzwa*.

>>> a súa experiencia no diálogo co filme. Que suceda algo.

Os circuitos de exhibición non poden ser tampouco os convencionais, e de aí a estreita relación entre unha entidade que aposta pola cultura libre e de base, coma o Cineclub de Compostela, e o cineasta carballinés: na sede da asociación compostelá foi proxeccionada boa parte da obra de Pagán, dende o documental en que abordaba a narración, o propio feito de contar, como material filmico (unha cámara estática enfoca a súa nai relatando unha historia en *Como foi o conto*, 2004) até propostas experimentais e de creación (*Os waslala*, 2005 *Conversas em Zapatera*, 2002). Evidencia o dispositivo, a cámara e o proceso de montaxe (*Bs.As.*, II Premio de Ensaio Román Gubern, 2006, *Po de estrelas*, 2007) para evidenciar que toda narración é unha construción de ficción. *Tanyaradzwa* tampouco non é un filme cómodo.

As propias condicións de recepción, na súa estrea, o mércores 24 de xuño no Cine-

clube, desmontan o xeito de narrar. As filmacións da vida e das opinións dunha muller coñecida en Zimbabwe en marzo do 2007 xeraron unha montaxe de case seis horas que se presentou en dúas metades, proxectadas en cadansúa pantalla. A convivencia de diferentes planos de imaxe e de son obrigan a cambiar o xeito de interactuar co filme, e conseguen o gran reto: que Tanyaradzwa non sexa obxecto filmado, senón suxeito. Unha das espectadoras salientou no debate posterior que

“Unha muller africana que fala, sen ser exótico e sen que resulte unha confesión televisiva”

mentres a ollada se concentra nas imaxes da capital, Harare, proxectadas nunha das pantallas, Tanyaradzwa óllanos fixamente dende a outra. Somos nós o obxecto mirado. É ela quen conta a súa historia, quen se converte, alén de protagonista, en autora.

Ao particular carisma de Tanyaradzwa, hiperconsciente da cámara, actriz de si mesma, por veces, súmase o contido dun discurso de quen coñece “a dor do corpo e a dor da alma”. Formalmente, o que se presenta non ten que ver coa “confesión” perante a cámara, xénero televisivo tan explotado nos tempos da privacidade como ben de consumo; non ten que ver tampouco do clásico documental sobre “África” como tópico, de ollada colonialista. Os planos fixos dun rostro que nos olla (coma nos screen tests de Warhol), a visibilidade do dispositivo (a sombra do cineasta ou os seus dedos sostendo un cigarro, ela pedíndolle que corte a gravación nun momento determinado, mesmo a cámara reflectida nos seus ollos) incomodan o espectador que non queira ser consciente de que lle están a contar unha historia. As próximas oportunidades de ver (ou sermos vistos por) Tanyaradzwa serán no CGAI, na Coruña, o 17 de xullo, e no Filminho (do 15 ao 19 de xullo, en Vila Nova da Cerveira e Tomiño).●

Lara Rozados

ARTE.

Diálogo co intemporal

Leopoldo Nóvoa

Lugar: Fundación Caixa Galicia (Vigo).

Datos: Até o 6 de setembro.

No ano en que celebra o seu nonaxésimo aniversario, a obra de Leopoldo Nóvoa estará presente na axenda expositiva galega nunha pequena mostra que Caixa Galicia exhibe na súa sede viguesa cunha decena de obras pertencentes á súa colección. Dados nas décadas de 1970 e 1990 do século pasado, esta amósega da produción de Nóvoa corrobora a singular forza creadora deste artista e permite –aínda que de xeito moi sumario– calibrar a paixón con que, ao longo deste tempo, perseverou na procura dunha linguaxe propia. A diferenza de moitos artistas que sucumbiron ás sucesivas modas que se sucederon nesa época, o pintor de Salcedo soubo evolucionar

sen facer concesións á actualidade, extraendo de cada etapa histórica o que máis lle conviña ao seu estilo: a dúctil e inspirada capacidade de tratar a materia que o levou a vulnerar os límites convencionais do lenzo; a insistencia na sobriedade dunha paleta que se reduce ao branco, ao gris e ao negro con ocasionais aparicións dun dramático vermello; os agravios á tea en forma de fendas e deformacións que prelude o ingreso das tres dimensións sen que a obra se despoxe, non obstante, da súa natureza de ‘pintura’...

Todos eses elementos pódense observar nesta exposición, inspirándolle ao espectador a estraña percepción dun artista que, dende sempre, se comporta coma un clásico. Unha mestura de distancia reflexiva e de apaixonada convicción impregna estas obras dun sentido do sereno clasicismo que, en xeral, só se atopa ao alcance dos creadores que están no apoxeo da súa madurez. Unha sabedoría que en Nóvoa semella prolongarse no tempo para nos proporcionar, con cada nova peza, unha deleitosa síntese do seu universo plástico. En certa forma, é lóxico que este sentimento de imperturbabilidade nos aborde dende >>>

“A diferenza de moitos artistas que sucumbiron ás sucesivas modas, Nóvoa soubo evolucionar sen facer concesións á actualidade”

Os pasos pola vida dun comunista galego
Perfecto Lorenzo CalviñoCuruxás, O guerrilleiro que non cazou Franco
Carlos ParradoA fuxida do Portiño. Historia, memoria e vítimas
Varios autores

Lecturas con...

Edicións A NOSA TERRA